

# ACTA Nº 11 DA MESA METROPOLITANA DE TRANSPORTE E MOBILIDADE

Reunidos na Casa Consistorial de A Coruña, sita na Praza de María Pita de esa cidade, e sendo as 13:30 horas do día 11 de outubro do ano 2017, previa convocatoria coa orde do día establecida e comunicada aos compoñentes da mesa coa suficiente antelación,

Reúñense:

- D. Alberto Castro, en representación do Concello de Arteixo.
- D. Daniel Díaz Grandío, en representación do Concello de A Coruña.
- D. Juan Antonio López López, en representación do Concello de A Coruña.
- D. Antonio Vázquez Lorenzo, en representación do Concello de Betanzos.
- D. Brais Cubeiro Fernández, en representación do Concello de Cambre.
- Oscar Souto Muiño, en representación do Concello de Cambre.
- D<sup>a</sup> María José Varela, en representación do Concello de Oleiros.
- D<sup>a</sup> Marta Bosch Pibernat, en representación do Concello de Oleiros.
- D. Roberto Chao Gavilán, en representación do Concello de Bergondo.
- D. Javier Varela Tejedor, en representación do Concello de Culleredo, e como coordinador da Mesa.

• *Francisco Manuelto Pérez, en representación de Sada*

Comezá a reunión co primeiro punto da orde do día:

## 1. Lectura e aprobación, no seu caso, do acta da sesión anterior:

Lido o Acta da sesión anterior, apróbase por unanimidade e asínase polos asistentes a dita xuntanza en triplicado exemplar.

## 2. Análise situación Plan de Accesibilidade de A Coruña..

Por parte de Javier Varela, como coordinador da mesa, outórgase o uso da palabra ao Sr. Díaz Grandío que manifesta que respecto ao plan de accesibilidade á cidade da Coruña das liñas de transportes de viaxeiros interurbanos de proximidade, xa está todo listo para que comece a súa posta en funcionamento en datas próximas, coa reserva de que a tenor dos indicadores de incidencias que poidan xurdir, pódense espaciar ou non, as sucesivas fases de implantación. Neste senso se iniciaría a implantación polos autobuses que acceden polo corredor leste. Reitera que a Comisión de Seguimento do Plan terá competencias para establecer as fases da penetración e incorporar liñas ou non, en función dos indicadores que se vaian producindo e que así mesmo terá a posibilidade de retrotraer ou paralizar a implantación dalgunha delas no caso en que se producisen distorsións que así o aconsellasen.

Por outra banda informa que as obras das paradas xa están practicamente executadas, pendentes dalgúns detalles e da instalación das marquesiñas por parte da Xunta.

María José Varela pregunta si se vai facer unha axeitada publicidade para que os cidadáns coñezan o Plan polo miúdo, Daniel Díaz resposta que é competencia da Xunta de Galicia.

Javier Varela pregunta cal é a distancia máxima das liñas que van poder entrar na cidade, Daniel Díaz resposta que pensa que é de 35 kms. A Javier Varela parécelle excesiva.





A mesa fai unha petición aos alcaldes para que insten á Xunta a facer unha campaña publicitaria suficiente para garantir o pleno coñecemento dos cidadáns dos pormenores do Plan.

Daniel Diaz Grandio conclúe este punto afirmando que por fin é unha realidade o Plan de Accesibilidade do transporte de viaxeiros por estrada de carácter metropolitano á cidade da Coruña.

### 3. Petición xuntanza de alcaldes coa Conselleira.

Dí o señor Díaz Grandío que fíxose a petición formal, como se comunicou a esta mesa o pasado 22 de febreiro sen que ata o momento se obtivera resposta formal. Sí produciuse unha reunión da Conselleira co Sr. Ferreiro, alcalde de A Coruña, para tratar temas relativos ao Plan de Accesibilidade.

A mesa decide elevar á mesa de alcaldes petición para que se reitere á Conselleira a solicitude de reunión con todos os alcaldes do espazo metropolitano de A Coruña a fin de comezar a articular un verdadeiro e eficiente Plan de Transporte Metropolitano, no que se inclúan todas as Administracións Públicas con competencias nesta materia. A mesa entende ademáis que é necesario ser proactivos nestes momentos de inflexión de todo o sistema de transporte público de viaxeiros por estrada en Galicia.

### 4. Rogos e Preguntas.

Por parte de Javier Varela se pregunta a Daniel Diaz Grandio si se avanzou no deseño do modelo de transporte metropolitano anunciado nas últimas reunións desta mesa.

Daniel Díaz Grandío informa que o Concello de A Coruña está elaborando o Mapa de liñas de carácter urbano, coa vista posta no que ao término da actual concesión de transporte urbano, poda integrarse de algunha maneira co interurbano, ao menos cos municipios limitrofes.

Asimismo se comezou a deseñar o modelo de transporte metropolitano e a tal efecto se fará unha ampla e significativa enquisa orixe/destino en todos os municipios da área que aporte información sobre a mobilidade radial e transversal na zona.

Javier Varela entende que debe publicitarse dita enquisa para favorecer a participación cidadá e disipar posibles suspicacias.

María José Varela cre que é necesaria esa publicidade ao tempo que propón que se potencie a participación cidadá ao respecto.

Daniel Diaz Grandio se compromete a remitir información completa do Plan de Accesibilidade e das súas incidencias periódicamente.

Javier Varela propón que se ralentice a convocatoria desta mesa técnica ata que a mesa de alcaldes tome as decisións que correspondan, o que é aprobado por unanimidade.

E sen máis asuntos que tratar se pecha a reunión sendo as 15:50 do día sinalado ut supra.

